

# REGULAMENTO DO CONGRESO LOCAL DO PARTIDO POPULAR DE MUXÍA

## *DISPOSICIÓN XERAIS*

### **Artigo 1º**

De conformidade co establecido nos artigos 26, 27 e 36 dos vixentes Estatutos Nacionais do Partido Popular, e segundo o acordo adoptado o 8 de febreiro de 2018 polo Comité Executivo Provincial, convócase o Congreso Local do Partido Popular de Muxía, que terá lugar o día 10 de marzo de 2018 ás 11:30 h, na Sede Local do Partido Popular de Muxía

### **Artigo 2º**

Encoméndase á Comisión Organizadora, nomeada polo Comité Executivo Provincial, o impulso, coordinación e dirección de todos os aspectos organizativos do Congreso.

A Comisión Organizadora do Congreso debatirá, modificará e aprobará, se procede, a concreta programación e precisión dos elementos persoais e materiais de toda índole que concorran ao éxito do Congreso. Os seus acordos deberán ser adoptados por maioría.

Durante a celebración do Congreso as devanditas competencias serán asumidas pola Mesa do Congreso.

### **Artigo 3º**

Todo o relativo á organización e funcionamento do Congreso Local de Muxía rexerese polo presente Regulamento.

As dúbidas que poidan presentarse na interpretación do regulamento serán resoltas pola Comisión Organizadora ata o momento da constitución da Mesa do Congreso.

Durante a celebración do Congreso a devandita tarefa será competencia exclusiva da Mesa.

**TÍTULO PRIMEIRO**  
**DA ORGANIZACIÓN DO CONGRESO LOCAL DO**  
**PARTIDO POPULAR DE MUXÍA**

**Artigo 4º**

Como establecen os Estatutos no seu artigo 26 o Congreso é o órgano supremo do Partido e nel se elixen aos representantes nos órganos de Dirección do Partido.

**Artigo 5º**

As competencias do Congreso son as que se determinan nos Estatutos do Partido.

**Artigo 6º**

O Pleno do Congreso estará constituído por militantes do Partido Popular do Municipio de Muxía que tendo a súa condición plena de afiliados de acordo co Artigo 4º dos Estatutos do Partido, non se atopen suspendidos de militancia, ou teñan restrinxidos os seus dereitos por algunha outra causa.

**TÍTULO SEGUNDO**  
**Capítulo I**  
**DO FUNCIONAMENTO DO CONGRESO**

**Artigo 7º**

A Comisión Organizadora declarará validamente constituído o Congreso na data e lugar da súa convocatoria, independentemente do número de afiliados asistentes.

**Artigo 8º**

O Pleno do Congreso de Muxía estará presidido pola Mesa, que estará composta por un presidente, un vicepresidente, un secretario, dous vocais, sendo un deles membro da Comisión Organizadora do Congreso.

Todos os membros da Mesa deberán estar afiliados.

### **Artigo 9º**

O acto inaugural do Pleno do Congreso será presidido pola Comisión Organizadora. Esta a través do seu Presidente, propondrá ao Pleno a composición da Mesa, que deberá ser ratificada por maioría simple. De non aceptarse a proposta, abrirase un prazo de trinta minutos no que os afiliados poderán presentar candidaturas completas para a Mesa, avaladas como mínimo polo 15% do total dos afiliados presentes, non podendo avalar cada compromisario máis dunha candidatura. Será elixida a candidatura que obteña máis votos.

### **Artigo 10º**

Unha vez elixida a Mesa do Congreso, esta comunicará o acordo de aprobación definitiva do presente Regulamento.

A Mesa dirixirá, impulsará, ordeará e moderará os debates, velando en todo momento pola boa marcha do Congreso. As súas decisións adoptaranse por maioría simple, tendo o presidente, en caso de empate, voto de calidade.

Correspóndelle á Mesa cumprir e facer cumprir o Regulamento do Congreso, interpretalo nos casos de dúbida e suplilo nos de omisión.

### **Artigo 11º**

Correspóndelle ao presidente, en nome da Mesa, abrir, dirixir, suspender e levantar a sesión; autorizar o uso da palabra e fixar, á vista das peticións de intervención, o número máximo de intervencións e a duración das mesmas. Asemade, antes de cada votación, exporá con claridade os termos da proposta ou propostas sometidas á votación.

O presidente poderá chamar á orde e, se é o caso, retirar a palabra a quen nas súas intervencións se alongue excesivamente, se desvíe do tema obxecto de debate, falte ao establecido neste Regulamento, profira expresións ofensivas ao decoro do Partido, dos seus membros ou de calquera outra institución, entidade ou persoa, ou que de calquera outra forma altere a orde ou obstaculice a boa marcha do Congreso.

### **Artigo 12º**

O vicepresidente substituirá ao presidente e exercerá as súas funcións en caso de ausencia e terá as mesmas atribucións que aquel.

### **Artigo 13º**

Correspóndelle ao secretario da Mesa, a redacción da acta da sesión, recollendo na mesma o resumo das intervencións, as propostas presentadas, as votacións producidas indicando o número de votos emitidos, os favorables, os contrarios, os nulos e as abstencións, así como os resultados.

A acta será aprobada pola Mesa e unha vez rematado o Congreso será asinada polo Presidente e o Secretario.

### **Artigo 14º**

O Congreso funcionará en Pleno, adoptándose os acordos por maioría simple mediante votación a man alzada, salvo os referentes á elección dos órganos do Partido que se acomodarán ao establecido nos Estatutos e no presente Regulamento.

## **Capítulo II** **DO PLENO E OS SEUS TRABALLOS**

### **Artigo 15º**

O Pleno do Congreso, con independencia doutras facultades recollidas nos Estatutos e Regulamento de Organización, coñecerá do informe de xestión dende o último congreso local, que será presentado polo Secretario Xeral Local ou persoa en quen delegue.

### **Artigo 16º**

As sesións plenarias do Congreso, a excepción da apertura e clausura, serán presididas pola Mesa do Congreso.

Iniciada a sesión ou sesións plenarias, o presidente indicará os temas que, no mesmo, serán obxecto de debate dentro dos establecidos no programa e na orde do día, así como os tempos asignados a cada intervinente.

**TITULO TERCEIRO**  
**Capítulo I**  
**DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

**Artigo 17º**

As persoas que opten á Presidencia terán un prazo de dez días dende a convocatoria do Congreso para presentar a súa candidatura ante a Comisión Organizadora do Congreso, que a tal efecto reunirase na Sede Local do Partido de Muxía o Domingo 18 de febreiro ás 12h, finalizando o prazo de presentación ás 14h.

**Artigo 18º**

Para ser proclamado candidato á Presidencia Local do Partido Popular de Muxía será necesario presentar o apoio de, cando menos, 25 militantes.

No suposto de que se presentasen dúas ou máis candidaturas, a Comisión Organizadora proclamará aos candidatos presentados nun prazo de 48 horas, convocando a campaña electoral interna por un prazo de 15 días.

- a) Durante a duración da campaña, a Comisión Organizadora garantirá a todos os candidatos a igualdade de oportunidades, asegurará a neutralidade da organización do Partido e velará pola transparencia de todo o proceso.
- b) A campaña electoral interna iniciarase o 21 de febreiro e finalizará o 8 de marzo de 2018.
- c) A finalización da campaña non supón, en ningún caso, a imposibilidade por parte dos candidatos de seguir solicitando apoios.

## **Capítulo II** **DA ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN**

### **Artigo 19º**

O Congreso Local do Partido Popular de Muxía elixirá ao Presidente, Secretario, Vicesecretarios e 22 vocais co sistema sinalado nos Estatutos.

### **Artigo 20º**

O prazo para a presentación de candidaturas ábrese o día 9 de marzo de 2018 e remata o 10 do mesmo mes ás 10 horas.

A Comisión Organizadora recibirá os avais e emitirá un informe que será entregado á Mesa do Congreso para a proclamación das candidaturas que fosen presentadas en tempo e forma.

Poderá exercer o dereito a ser candidato calquera afiliado proclamado con arreglo ao capítulo anterior que no momento da celebración do Congreso estea ao día nas súas obrigas estatutarias.

### **Artigo 21º**

As candidaturas gardarán a forma recollida polos Estatutos e virán avaladas por un mínimo de 55 sinaturas de afiliados. Estas estarán compostas, cando menos, por un presidente, un secretario, un vicesecretario e 22 vocais.

Ningún afiliado poderá figurar en dúas ou máis candidaturas, nin avalar coa súa sinatura máis dunha. As sinaturas que figuren como aval en máis dunha candidatura serán declaradas nulas.

### **Artigo 22º**

Os candidatos á Presidencia do partido teñen dereito a unha exposición previa do seu programa, do seu plan de actuación e da súa candidatura, correspondéndolle á Mesa limitar os tempos, así como fixar a orde de intervencións. Os candidatos proclamados que aporten maior número de avais válidos terán prioridade para elixir a orde na que se produce a súa intervención.

### **Artigo 23º**

A elección do Comité Executivo Local farase mediante lista pechada e votación secreta, empregando listados e urnas facilitadas pola Comisión Organizadora.

### **Artigo 24º**

Para as votacións constituiranse as mesas electorais necesarias, que estarán formadas por un presidente e un secretario nomeados pola Comisión Organizadora do Congreso, á que se poderá incorporar un interventor por cada candidatura proclamada.

No momento da votación, os compromisarios acreditarán a súa condición acompañando a súa credencial co D.N.I. ou documento oficial con fotografía que acredite a súa personalidade.

Unha vez rematada a votación, as mesas electorais farán os correspondentes escrutinios que serán remitidos á Mesa do Congreso quen anunciará os resultados e proclamará a candidatura que obtivese o maior número de votos.

## **TITULO CUARTO DAS IMPUGNACIONES**

### **Artigo 25º**

Para as impugnacións que afecten ó desenvolvemento do Congreso, será competente o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia. Estas impugnacións deberán fundamentarse en infraccións estatutarias ou regulamentarias e presentarse nun prazo máximo de 48 horas ao remate do Congreso.

### **Artigo 26º**

O procedemento para facer a reclamación será o seguinte:

As impugnacións daqueles acordos tomados durante a celebración do Congreso serán presentadas polos afiliados ante a Mesa que resolverá no mesmo Congreso, incluíndo na acta as motivacións nas que se fundamente a súa resolución. A resolución da Mesa será apelable ante o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, no prazo máximo de 48 horas despois da celebración do Congreso. O Comité

Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra estas resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia como consecuencia das impugnacións que se produzan no Congreso Local do PP de Muxía.

### ***DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA***

O envío de documentación por parte da Comisión Organizadora como por parte dos afiliados realizarase oficialmente a través da Sede Local do Partido Popular de Muxía, sen perxuízo das comunicacións que se realicen a través do portal web do PP Provincial [www.ppcoruña.es](http://www.ppcoruña.es), que dacordo co previsto no artigo 57 dos Estatutos Nacionais constitúe o instrumento válido de comunicación entre a Comisión Organizadora do Congreso e os candidatos cos afiliados militantes.

### ***DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA***

Para todo o non previsto neste Regulamento, será de aplicación o disposto nos vixentes Estatutos Nacionais do Partido Popular, no Regulamento de Organización do PPdeG e no Regulamento Marco de Congresos.